



RESOLUCIÓN REITORAL DO 23 de MAIO DO 2018 POLA QUE SE ENCARGA Á FUNDACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA A ORGANIZACIÓN E XESTIÓN ECONÓMICA A TRAVÉS DO CENTRO DE LINGUAS DE CURSOS DE FORMACIÓN EN IDIOMAS

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Segundo o artigo décimo terceiro dos Estatutos da Fundación da Universidade da Coruña (en adiante FUAC) establécese que a FUAC é un medio propio instrumental e de servizo técnico da Universidade da Coruña (en adiante UDC), considerándose á relación da FUAC coa UDC, para todos os efectos, de carácter interno, dependente e subordinado, e articulándose a través de encargos, de conformidade co previsto na Lei de contratos do sector público (LCSP).

SEGUNDO. A FUAC ven encargándose da xestión delegada do Centro de Linguas da UDC, unidade a través da que a UDC ven organizando, xestionando e impartido a formación en materia de linguas estranxeiras así como linguas propias a estranxeiros que forman parte da Comunidade Universitaria, que realizan actividades temporais no ámbito da UDC ou á persoas da sociedade en xeral.

TERCEIRO. A UDC precisa a impartición de diversos cursos de idiomas conforme ao seguinte

ENCOMENDA DE XESTIÓN

PRIMEIRO. O presente encargo baséase no artigo 32 da LCSP tendo, xa que logo, carácter obrigatorio para a FUAC quen deberá aceptala e executala conforme ás instrucións dadas dende á Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación canto á interpretación dos traballos encomendados e o seu seguimento.

SEGUNDO. Conforme á normativa da UDC, o presente encargo é competencia da Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación.

TERCEIRO. As actuacións a realizar pola FUAC obxecto deste encargo son os descritos como ANEXO I e ANEXO II, documento que fai parte integrante e inseparable da propia encomenda.

A FUAC a través do Centro de Linguas da UDC será a responsable da calidade técnica do contido do encargo a desenvolver.

CUARTO. O orzamento para a execución do presente encargo é o que figura nos anexos da mesma. Consonte a Lei 28/2014, que modifica a Lei 37/1992 do 28 de decembro do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), a contía derivada das encomendas realizadas de conformidade co disposto na LCSP non están suxeitas ao IVE.

QUINTO. O pagamento da cantidade estipulada realizarase previa xustificación das tarefas executadas e do gasto realizado.

Dita xustificación incluirá:

- Tarefas realizadas. Serán xustificadas cunha certificación da Directora do Centro de Linguas onde conste o cronograma do curso e a listaxe do estudantado asistente.



- Gastos Directos. Representarán o 90% da contía indicada e poderán estar formados por facturas ou honorarios externos á FUAC—ou gastos de profesorado propio. Os gastos de honorarios deberán facer referencia á actividade encomendada e os gastos de persoal xustificaranse coas correspondentes dedicacións e custos laborais. Serán elixibles todos os custos vinculados á realización dos cursos.
- Gastos Xerais. Da contía indicada, e conforme á encomenda xeral de servizos da UDC á FUAC, o importe dos gastos xerais será do 10% do total do importe, desglosado tal como se indica de seguido:
 - 5% para a secretaría técnica e coordinación dos cursos por parte do Centro de Linguas da UDC segundo o anexo II da Memoria Fundacional do Centro de Linguas da Universidade da Coruña aprobada o 22 de xullo de 2005.
 - 5% para a xestión económica por parte da FUAC.

Os gastos xerais indicados ata o 10% non requirirán xustificación.

Adicionalmente a FUAC emitirá unha certificación asinada pola Dirección do Centro de Linguas da UDC e da xerencia da FUAC indicando os custes incorridos e a realización correcta da actividade encomendada.

Dita xustificación será remitida en prazo e forma á Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación.

SEXTO. A UDC poderá realizar os labores de inspección, comprobación ou seguimento que considere oportuno sobre á realización dos traballos da encomenda.

SÉTIMO. A presente encomenda quedará condicionada á disponibilidade de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais da UDC para 2018.

OITAVO. Nas súas actuacións xerais, organizativas e de apoio que permita o desenvolvemento das actuacións encomendadas, a FUAC empregará o galego, podendo utilizar para conformidade lingüística o servizo de normalización da UDC.

NOVENO. En ningún caso a realización da encomenda suporá a existencia dunha relación funcional ou laboral entre o persoal da FUAC ou o persoal directo ou vinculado ao Centro de Linguas coa UDC.

DÉCIMO. A vixencia do presente encargo rematará cando as actuacións que constitúen o seu obxecto sexan realizadas e debidamente xustificadas. Nos anexos á presente encomenda especificaranse cada unha das actividades, as datas de realización das mesmas e a correspondente partida orzamentaria.

UNDÉCIMO. Corresponde á UDC a interpretación da presente encomenda así como resolver as posibles discrepancias que puidesen xurdir na súa execución.

Por todo o indicado, o REITOR da UDC

RESOLVE



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

PRIMEIRO. Encargar á FUAC as actuacións referidas nos anexos da presente encomenda e aprobar o orzamento para ditas actuacións e as correspondentes aplicacións orzamentarias.

A Coruña, a 23 de maio de 2018

O Reitor da Universidade da Coruña

Julio Abalde Alonso



ANEXO I

ACTUACIÓNS ENCOMENDADAS Á FUAC

A través do presente documento, a UDC encomenda á FUAC a organización e xestión económica dos seguintes cursos a través do Centro de Linguas da UDC:

- Curso de español de 700 horas para un mínimo de 10 alumnos provenientes de China Vietnam.
- Curso de español de 600 horas para un mínimo de 10 alumnos provenientes de China Vietnam

O orzamento para estas actividades ascende á cantidade de corenta e tres mil euros (43.000 €). Esta cantidade non está suxeita a IVE e se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 0800080023 422D 44200.

- Cursos de español para o estudiantado de Kennesaw State University

O orzamento para estas actividades ascende á cantidade de nove mil setecentos corenta e dous euros con cincuenta céntimos (9.742,50 €). Esta cantidade non está suxeita a IVE e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 0800080025 422D 44200



ANEXO II

ACTUACIÓNS ENCARGADAS Á FUAC

A través do presente documento, a UDC encarga á FUAC a organización e xestión económica dos seguintes cursos a través do Centro de Linguas da UDC:

- Probas de nivel lingüístico.

O orzamento para esta actividade ascende á cantidade de tres mil euros (3.000 €). Esta cantidade non está suxeita a IVE e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 0800081349 422D 44200.